

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Casteleiro Santos, José Luis, *Mitos e lendas da Galicia máxica*, ilust. Carlos Sardiña, A Coruña: Hércules de Ediciones, lectorado autónomo, 2019, 39 pp. (ISBN: 978-84-120336-1-8).

José Luis Casteleiro Santos (Ferrol, 1980) recompila neste volume 16 mitos e lendas asociadas ás crenzas e tradicións populares de Galicia, ben produto da superstición, ben para tentar explicar feitos para os que a mentalidade rural da época non encontrou explicación. Segundo se explica na introdución inicial, a publicación responde ao propósito de contribuír á súa divulgación, tamén entre os máis novos. Unha liña de diferente cor identifica os lugares de procedencia de cada unha das lendas. Así, da Coruña recóllense “Buserán e a bela Florinda”, “Hércules e o xigante Xerión”, “O espello máxico”, “O monstro devorador de homes” e “A madrasta vingativa”; de Ourense, “Don Roldán e as tres princesas”, “A pantasma da torre” e “O río do esquecemento”; de Pontevedra, “O xudeu errante”, “A liñaxe dos Mariño”, “A dona dos pés de cabra” e “Tristán e Aldina”; de Lugo, “O rei Cintolo”, “Galaaz e o Santo Graal”, “A bruxa fiandeira” e “A doncela cervá”. Cada un dos textos vai acompañado dunha ilustración de Carlos Sardiña (Fene, 1971). Conclúe o volume unha bibliografía.

Forneiro, José Luís e Sergio de la Ossa, *Romanceiro tradicional. Breve antoloxía das recollas do Seminario Menéndez Pidal na Galiza (1977-1983)*, Almería: Círculo Rojo, col. Novela, xullo 2019, 468 pp. (ISBN: 978-84133-16-56-7).

A obra comeza cunha entrevista aos autores: José Luís Forneiro e Sergio de la Ossa. Entre outros aspectos, sinalan a importancia para este traballo do Archivo Sonoro del Romancero, depositado na Fundación Menéndez Pidal. Igualmente salientan a figura de Menéndez Pidal, quen tentou preservar o romanceiro ibérico tradicional a través dun arquivo conxunto, grazas á axuda de moitos eruditos que lle facían chegar os romances recolleitos. No seguinte apartado, O romanceiro tradicional, o profesor Forneiro explica o nacemento e a historia do xénero. Prosegue cunha síntese da súa decadencia e a súa posterior recuperación contemporánea. Repasa a historia do seu estudo en Galicia e tamén advirte algunhas características sobranceiras do romanceiro de Galicia. Finaliza cunha breve historia do Seminario Menéndez Pidal, nomeadamente os seus traballos de recolla en Galicia. Pola outra banda, Sergio de la Ossa diserta en A música dos romances sobre a letra, a música, as melodías vellas e novas, as variantes, os xéneros, a estrofa, a forma, o ritmo musical, a prosodia, o ritmo e o modo de interpretación, os compases e as unidades musicais e textuais. Tamén comenta algúns aspectos necesarios para a interpretación. A continuación, ábrese o apartado Apresentações e transcrições dos romances, onde se estudan 17 romances: O gato do convento, Morte do príncipe D. João, A loba parda, A morte ocultada, Gerinaldo xunto con O conde Sol, O conde Alarcos (dúas versións), O roubo do sacramento, Veneno de Moriana, A vingadora da súa honra,

A donzela guerreira, O conde preso, Celinos, A princesa peregrina, Belardo e Valdovinos, A Galharda, Conde Claros em hábito de frade e Adoración dos Reis Magos. Inclúen cadansúas transcricións musicais.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Arredor do noso romanceiro tradicional”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 1.115, 24 novembro 2019, p. 30.

Loa o volume como unha escolma “sintética pero tamén reveladora historia da tradición galega do romanceiro hispánico, tanto da vertente literaria coma da musical” e explica os contidos do libro.

López Casanova, Arcadio, *A canción da Noite que levas no corazón*, Santiago de Compostela: Chan da Pólvora, decembro 2019, 65 pp. (ISBN: 978-84-121018-4-3).

Este poemario asinado por Arcadio López Casanova (Lugo, 1942) contén unha escolma de once panxoliñas da tradición popular galega referidas ao Neno e a Virxe María. Ningunha das devanditas composicións presenta título, mais todas están numeradas do un ao onde. Abrindo esta antoloxía popular, recóllense unha cita de Ramón Otero Pedrayo que versa sobre a temática do Nadal e, pechando a obra, atopamos unha coda elaborada polo profesor Luís Cochón, na que ademais de ofrecer algunhas claves interpretativas que favorecen a comprensión do poemario, recomenda ao lectorado que antes de achegarse a esta obra lea previamente o poemario *Diario da Casa Grande* (Centro PEN Galicia, 2019).

Recensións:

- Luís Cochón, “A canción da Noite que levas no corazón”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 24 decembro 2019, p. 48.

Faise eco da publicación do volume, que define como “unha crestomatía moi escolleita de cantigas de amor e de amigo, de refrán e mesmo de mestría, incluídas as de asunto marial”. Salienta que o autor conxuga folclore e literatura e que manifesta unha exquisita arte presentando temas, escenarios, técnicas e motivos da lírica tradicional.

VIII.2. REEDICIÓN. TEXTOS RECUPERADOS

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

VIII.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

VIII.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Eiroa, Ángel, “Dolores Macías Pose”, *Escrita Contemporánea. Mestres e Mestras da Memoria 2013-2019. Tesouros Humanos Vivos*, n.º 25, “Mestra 2016”, outubro 2019, pp. 27-28.

Tamén coñecida como Dolores do Coxo, Dolores Macías Pose recibiu o nomeamento de Mestra 2016 como coñecedora, transmisora e creadora de coplas de temática diversa do imaxinario galego e polas súas aportacións ao *Cancioneiro de Cabana de Bergantiños* de Pablo Díaz e Olga Kirk.

Filgueira Rama, Esperanza Mara, “Tecendo soños. O canto de arrollar no Barbanza e arredores”, *Barbantia*, n.º 15, “IX Semana da Historia de Noia”, 2019, pp. 165-171.

Neste artigo, Esperanza Mara, coordinadora do proxecto “Tecendo soños”, fai unha presentación e sinopse destes, cuxos obxectivos, explica, son “preservar e difundir o patrimonio cultural inmaterial como son os cantos de tradición oral”. Para a consecución do seu primeiro traballo, centrado nos cantos de arrollar, toma moitos e variados exemplos de cantos de berce a través das mostras recollidas tras o traballo de campo levado a cabo por varios puntos de Galicia, cuxo último propósito será gravar un CD cos cantos de arrollar recollidos nas mostras.

Forneiro, José Luís, “O romanceiro tradicional da Galiza: identidade, lingua e normalización”, *Escrita Contemporánea. Actas da XII Xornada de Literatura de Tradición Oral Rimas e letras da música popular. Do romanceiro tradicional ao bravú*, n.º 26, decembro 2019, pp. 13-26.

Estudo sobre a literatura de tradición oral en Galicia partindo de tres factores fundamentais: identidade, lingua e normalización. No apartado “Identidade”, José Luís Forneiro recolle as características do romanceiro tradicional galego, trata as zonas que mellor preservación ofrecen deste xénero e nomea ás mulleres ‘grandes conservadoras deste xénero’. En “Lingua” trátase a presenza e influencia do castelán na literatura oral e a súa predominancia nos romances de Galicia, que deu lugar a híbridos como o chamado “castrapo”. En “Normalización”, expón a necesidade de incluír o romanceiro nos programas de estudos para evitar a súa perda e desvalorización e insta as institucións públicas a axudar tamén a isto.

Forneiro, José Luís e Dorothé Schubarth, “Romances con rima e melodía. Supervivencia do xénero”, *Escrita Contemporánea. Actas da XII Xornada de Literatura de Tradición Oral Rimas e letras da música popular. Do romanceiro tradicional ao bravú*, n.º 26, decembro 2019, pp. 43-50. e

Conxunto de achegas de ambos autores sobre temas relacionados cos romances de Galicia. Dorothé Schubarth destaca a similitude destes con romances recollidos no resto de Europa e a existencia de pezas realmente semellantes entre a cultura galega e outras. José Luís Forneiro informa sobre como o romance se dá a coñecer no século XIX e como

moitos romances posteriores carecen de base tradicional por este motivo. Tamén se refire aos romances de Manuel Murguía e explica se se trata de escritos propios ou contan cun precedente de tradición oral. Aportan datos tamén Ricardo Casás, Cástor Castro Vicente, Branca Villares, Santiago Veloso e Lois Pérez.

Novo, Isidro, “Baldomero Francisco Iglesias Dobarrio”, *Escrita Contemporánea. Mestres e Mestras da Memoria 2013-2019. Tesouros Humanos Vivos*, n.º 25, “Mestre 2017.”, outubro 2019, pp. 35-37.

Baldomero Iglesias “Mero” recibiu o título de Mestre 2016 xunto co seu compañeiro Xosé Luís Rivas Cruz “Mini”. É autor de poesía, con obras como *Na lonxitude do tempo*, *Recendos de luz e sombra*, *No papel que mudo escoita* ou *Doce ducias*, e recibiu varios premios pola obra. Tamén participou en publicacións diversas como *Cantares para Rosalía de Castro* e *Verbo na arria. Homenaxe literaria a Xohán Xesús González* e realizou unha grande labor de recompilación de contos, lendas, refráns, ditos e poemas de Terra Chá en colaboración con Rivas Cruz.

_____, “Serafín Mourelle Bugallo”, *Escrita Contemporánea. Mestres e Mestras da Memoria 2013-2019. Tesouros Humanos Vivos*, n.º 25, “Mestre 2017”, outubro 2019, pp. 35-37.

Recoñece o nomeamento de Serafín Mourelle Bugallo como Mestre 2017, mariñeiro e poeta que participou no descubrimento dos caladoiros de Porcupine e autor de *Carapelas de sal*, ao que pertence o poema “Mar de Irlanda” que se inclúe ao comezo do artigo. Mourelle é autor tamén dunha novela inédita titulada *Cartas ao meu avó*.

Pernas Bermúdez, Carme, “Josefa Arias Castelo”, *Escrita Contemporánea. Mestres e Mestras da Memoria 2013-2019. Tesouros Humanos Vivos*, n.º 25, “Mestra 2015”, outubro 2019, pp. 23-24.

Recoñece a Josefa Arias como Mestra 2015, sobriña dun dos poetas populares máis prolíficos da provincia de Lugo chamado Caetano Arias López, como transmisora da obra do seu tío, con poemas como “Encima de mel, filloas” e “Galicia, xardín de flores”.

Reigosa, Antonio, “Ángel Rivas Veiga”, *Escrita Contemporánea. Mestres e Mestras da Memoria 2013-2019. Tesouros Humanos Vivos*, n.º 25, “Mestre 2013”, outubro 2019, pp. 17-18.

Recoñece a Ángel Rivas Veiga como Mestre 2013 pola súa achega ao libro *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) con versións únicas e achegas notábeis, entre as que se atopan contos como “O Castelo de Irás e Non Volverás”, “O fardelo e a manta”, “O ferreiro e o demo” ou “A gaita máxica”. Ángel Rivas foi tamén o único narrador oral galego que participou no proxecto “La memoria de los cuentos”, patrocinado pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales.

_____, “Elena Requeijo Barro, Elba Requeijo”, *Escrita Contemporánea. Mestres e Mestras da Memoria 2013-2019. Tesouros Humanos Vivos*, n.º 25, “Mestra 2014”, outubro 2019, pp. 19-20.

Recoñece a Elba Requeijo como Mestra 2014 pola súa apegada ao libro *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004), un proxecto do Equipo chaira para a realización dun inventario de literatura de tradición oral do concello de Abadín. Elba Requeijo proporcionou romances, como “Xerineldo” ou “O conde Alarcos”; parrafeos, como “Cuarta feira” ou “As catorce mentiras”; contos, entre os que figuran “Ben pode ser”, “O fillo do cura” e “Como naceron os lobos”, unha panxoliña e numerosas coplas do cancionero popular.

_____, “Dorothe Schubarth”, *Escrita Contemporánea. Mestres e Mestras da Memoria 2013-2019. Tesouros Humanos Vivos*, n.º 25, “Mestra 2019”, outubro 2019, pp. 44-45.

Dorothe Schubart, Mestra 2019, é unha directora de coro e musicóloga que veu a Galicia coa intención de coñecer en profundidade a música popular galega. O seu traballo de investigación deu lugar á obra *Cancioneiro Popular Galego*, sete volumes que recollen unha ampla análise, estudo e clasificación da lírica popular galega, polo que foi recoñecida en 2014 no I Día das Galegas nas Letras e co Premio Honorífico 2017 da Asociación de Músicos ao Vivo.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, “Este libro...”, *Escrita Contemporánea. Mestres e Mestras da Memoria 2013-2019. Tesouros Humanos Vivos*, n.º 25, outubro 2019, pp. 7-9.

Para presentar a sétima edición dos Premios Mestras e Mestres da Memoria, Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, recalca a importancia da tradición oral para a comprensión e preservación da cultura dos pobos, neste caso o galego, e agradece aos diferentes mestres e mestras as súas achegas á nosa tradición.

Santiago, Mercedes, “Luz Fandiño”, *Escrita Contemporánea. Mestres e Mestras da Memoria 2013-2019. Tesouros Humanos Vivos*, n.º 25, “Mestra 2018”, outubro 2019, pp. 38-40.

Recoñece a Luz Fandiño como Mestra 2018 polo seu traballo como escritora. Fandiño é autora de varios contos, como *Só os nenos e nenas poderán salvar a terra* ou *A Farangullina de neve*; de poemas dende o ano 2000, recollidos en volumes anuais dende *Latexos* até *Nas azas do vento*; de dous poemarios en francés e dunha *Escolma* na que recolle algúns dos seus primeiros poemas. O artigo inclúe ao final uns versos da súa obra *Polafías*.

Schubarth, Dorothe, “Relación entre texto e melodía no romance tradicional”, *Escrita Contemporánea. Actas da XII Xornada de Literatura de Tradición Oral Rimas e letras da música popular. Do romanceiro tradicional ao bravú*, n.º 26, decembro 2019, pp. 27-42.

Dorothe Schubarth desenvolve unha análise combinada de texto e melodía do romanceiro tradicional galego, que introduce aportando unha breve visión sobre o romance na tradición oral a nivel europeo. O seu estudo divídese en romances cantados con melodías de dous versos, que admiten grandes variacións; o romance a modo de canto de seitura, moi semellantes aos da categoría anterior, pero con melodías moito máis adornadas, ritmo libre e un canto máis pausado; romances cantados con melodías de catro versos, todavía máis variadas, de estilos diferentes e moito máis amplas que as anteriores; e romances con sílabas baleiras, un método que permite a estruturación das estrofas.

Villares Naveira, Branca, “Reflexións sobre a pegada da violencia contra as mulleres nas cantigas da montaña de Lugo”, *Actas da XII Xornada de Literatura de Tradición Oral Rimas e letras da música popular. Do romanceiro tradicional ao bravío*, n.º 26, decembro 2019, pp. 69-86.

Reflexión persoal da autora a partir dunha reunión previa con varias mulleres nun entorno relacionado co canto tradicional galego sobre o que supón manter cancións do romanceiro vulgar, coplas e cantigas, a excepción de parrafeos desafiantes e regueifas, nas que a muller se ve vulnerada de algún xeito ou culpada de actos alleos. Villares Naveira conclúe que se pode continuar a reprodución destas letras, sempre e cando se manteña presente o contexto no que se crea, pero sendo conscientes do que iso implica e nunca tratando de perpetuar ningún tipo de conducta violenta, tanto física como psicolóxica, en relación coa muller.

VIII.5. PUBLICACIONES EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIONES

Salgado, Daniel, “20 anos de Seres míticos galegos. O que en verdade somos”, *Sermos Galiza*, n.º 367, “*fóradeserie*”, 10 outubro 2019, pp. 2-3.

Recensión da obra *Diccionario dos seres míticos galegos*, publicado hai vinte décadas por Xerais. A obra, de catrocentras páxinas, naceu do traballo de Antonio Reigosa, Xosé Miranda e Ramiro Cuba e foi ilustrada por Lázaro Enríquez. Recolle declaracións dos autores sobre a obra, nas que explican como levaron a cabo o proceso de documentación, baseándose en fontes vivas e en papel (entre estas últimas remiten a Vicente Risco, Antonio Fraguas e a Xeración Nós). Salienta a figura das mouras como presente en todos os recunchos de Galicia.

Senén, Felipe, “Nas orixes do celtismo... galego”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 10 febreiro 2019, p. 23.

Recensiona o volume *Nas orixes do celtismo galego. Os celtas na historiografía dos séculos XVII e XVIII* (2017), de Fernando Pereira González, explicando os contidos do libro e explicando que o autor, ademais de empregar fontes documentais bibliográficas, tamén engade a análise de elementos como as lendas e as crónicas.

_____, “Historias e mitos do San Xoán arredor das lagoas”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 23 xuño 2019, p. 28.

Artigo con motivo da celebración do san Xoán e coas historias e mitos relacionados coas lagoas nesta data. Nel, cita a Vicente Risco na súa *Etnografía*, cando recomenda a “flor da auga” que se recolle coas primeiras raiolas da mañá do san Xoán.

VIII.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS

Bergantiños, José, “Esteiro lonxal”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Apunte”, 24 febreiro 2019, p. 19.

Lembra os versos que cantaba no Ferrol dos anos oitenta: “Había un baile en Esteiro / que co neboeiro non se vía o sol” e “Adeus Esteiro lonxal / Adeus esteiro querido”.

Campo, Marica, “A Raíña Branca”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 23/*El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “A tecelá en outono”, 6 setembro 2019.

Reflexiona sobre o achado do cadáver da campioa de esquí Blanca Fernández Ochoa, e falando do valor que a levou a subir montaña arriba fai un xogo de homonimia inspirado nunha cantiga popular galega que reza “Non sei que ten o canteiro, / non sei que ten, que non canta: / anda de arredor da pena / e a pena non se lle arranca”.

Castro, Xavier, “Castañas e magostos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Vidas, xantares e xentes”, 16 novembro 2019, p. 46.

Artigo sobre o magosto no que recolle varias das cantigas asociadas a este festexo, como, por exemplo, “Non chas quero, non chas quero / castañas do teu magosto. / Non chas quero, non chas quero, / que me saben a chamusco”.

García, Montse “Música de Leilía y muchos cuentos en la gala inaugural de Atlántica”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Narración oral, 13 marzo 2019, p. L9.

Faise eco da celebración da sétima edición festival Atlántica, cuxo fío condutor será a celebración do trixésimo aniversario do grupo musical Leilía. Acudirán como narradores María da Pontragha, Soledad Felloza, Celso F. Sanmartín e Quico Cadaval. O alumnado do curso de narración oral do Centro Xove da Almaciga recibirá unha clase maxistral impartida por Yoshi Hioki e Maricuela. Tamén terá cabida a proposta “Cunqueiro en Compostela”, con contos polas rúas e tabernas da man de Miguel Vila,

_____, “Un paseo por recintos funerarios, entre las doce propuestas de Atlántica”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Narración oral”, 15 marzo 2019, p. L9.

Informa sobre as actividades levadas a cabo en Santiago de Compostela a través do traballo da programación do Festival Atlántica. As persoas convidadas en calidade de narradores serán Iñaki Carretero, Raquel Queizás, Yoshi Hioki, Laura Escuela, Pepe Pérez, Remiro Neira e Celso Sanmartín.

M. Lavandeira, “Alumnos de Baio crean o video-regueira ‘O pediatra’”, *El Correo Gallego*, “Área Compostela”, “Costa da Morte”, 3 de abril 2019, p. 33.

Apunta que o alumnado de 5º de Primaria do CEIP Labarta Pose, de Baio, gravaron un vídeo-regueifa titulado *O pediatra*.

Martínez González, Remedios, “Cando os cantares de Reis morren tras a importancia das luces de Nadal”, *O Sil*, “Especial Nadal Decembro”, “Colaboración”, 19 decembro 2019, p. 28. .

Con motivo do festexo do 5 de xaneiro, indica que vai “Cantar os Reis”, e lembra a canción que herdou dos seus antepasados: “Si no-lo han de dar / déannolo pronto / un chourizo inteiro / i a mitá do outro...”.

VIII.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

García, Montse, “Soledad Felloza. ‘Os contos falan de nós mesmos’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Entrevista”, 12 marzo 2019, p. L9.

Entrevista a Soledad Felloza coa gallo do Festival Atlántica, na entrevista repásanse algunhas cuestións como as novidades implementadas na segunda edición do festival, como a oferta de Atlántica cara o público, da situación do conto na actualidade, da heteroxeneidade autorial que se atopa dentro do festival ou de cal é a esencia do conto para que continúe sendo un tipo de narración referencial despois de tanto tempo.

VIII.8. PUBLICACIONES EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIONES E ESCRITOS VARIOS

C. U., “La Rúa Cruz se sube al boom de los cantos de taberna”, *El Progreso*, “Lugo”, 25 xaneiro 2019, p. 11.

Faise eco da proposta dos hosteleiros da Rúa Cruz de Lugo de recuperar os cantos de taberna.

Cid, Xiana, “O patrimonio tamén se canta”, *La Región*, “Ourense”, 24 novembro 2019, p. 17.

Artigo sobre Remedios Santana, que canta romances, cultura oral con raíces na Galicia do século XV. Recolle declaracións de José Luis Fornelo, que está a traballar na elaboración do libro *Romanceiro tradicional*.

ECCG, “Las ‘Historias con mar de fondo’ de Cándido Pazó”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 novembro 2019, p. 31.

Informa do espectáculo no pub Atlántico do narrador galego Cándido Pazó, *Historias con mar de fondo*.

G. P., “El historiador Paz Antón documenta la memoria oral de Salceda de Caselas”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, “Tui. O Rosal. A Guarda. Tomiño. Salceda de Caselas”, 29 xaneiro 2019, p. 15.

Faise eco da presentación do volume *A tradición oral de Salceda de Caselas* (2018), de Xosé Paz Antón o 28 de xaneiro na Praza do Concello de Salceda de Caselas e explica os contidos do libro.

Gómez, Melissa, “Os cantos do Morrazo”, *Diario de Pontevedra*, “Diario do Morrazo”, 30 marzo 2019, contracuberta.

Informa da proposta da asociación cultural Peis d’hos de recuperar cancións populares da comarca do Morrazo coas aportacións das persoas que lembran as letras.

López, Ruth, “O rock bravú e o romanceiro tradicional conflúen en Lugo na xornada de tradición oral”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 19 outubro 2019, p. 67.

Faise eco da celebración da XII Xornada de Literatura de Tradición Oral que celebrará na Deputación de Lugo a Asociación de Escritores en Lingua Galega o 26 de outubro. Participarán no encontro Dorothé Schubarth, José Luis Forneiro, Xurxo Souto e Branca Villares Naveira.

M. O., “Recopilan o legado bañés das cantigas dende o CPI”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala. Xallas”, 7 abril 2019, p. 31.

Indica que a biblioteca escolar do CPI San Vincenzo da Baña vén de poñer en marcha a iniciativa “Axudádeme a cantar”, que busca recompilar cantigas de tradición oral. Dende o centro, indican que o ideal sería recollelas nunha gravación audiovisual e entregala antes do día 3 de maio.

Manteiga M., “Brión Inclúe trae contacontos, música, proxeccións e feira solidaria até o 24”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, “Comarca de Santiago. A Barcala. Xallas”, 20 novembro 2019, p. 31.

Informa da segunda edición do festival Brión Inclúe, que levará a cabo o contacontos inclusivo de Vero Rilar, *Falar a Mans Cheas*.

Mosteiro, Marga, “Trece días de espectáculos con treinta artistas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Agenda”, “Para todos los públicos”, “Festival Atlántica”, 22 febreiro 2019, p. L10.

Informa da sétima edición do Festival Atlántica, consolidado, tal como destaca Soledad Felloza, directora do certame, como “o encontro de narración oral máis grande da Península Ibérica”. Terá lugar entre o 11 e o 23 de marzo e conta con 91 actuacións programadas.

N. P., “Oia tiene mucho cuento en Youtube”, *Faro de Vigo*, “Val Miñor”, “Área Metropolitana”, “Baiona. Gondomar. Nigrán. Oia”, 5 novembro 2019, p. 13.

Faise eco da iniciativa de veciños de Oia de recrear as historias non escritas do municipio e representalas como oito pezas teatrais que subiron á plataforma de reprodución de vídeos en liña Youtube.

Neira, Nieves, “Un retrato sen disparo”, *El Progreso*, “*Revista*”, 26 xaneiro 2019, pp. 2-4.

Artigo no que se fai referencia á presenza do lobo na tradición oral, no que se menciona a obra *Pel de lobo*, de Xosé Miranda

Novo, Isidro, “Orfanato para ágrafas: Palabras ao ventimperio”, *Sermos Galiza*, n.º329, “*Cadernos de análise*”, n.º 210, “A Fondo. Isidro Novo e as súas palabras con memoria”, 10 xaneiro 2019, p. 2.

Recolle un extracto da conferencia impartida por Isidro Novo na X Xornada da Literatura de Tradición Oral (2017) baixo o título “Palabras con memoria: topónimos, ditos, frases, nomes...con historia” e unha mostra dos seus contidos.

Reigosa, Antonio, “O testamento de Isidro Novo”, *Sermos Galiza*, n.º329, “*Cadernos de análise*”, n.º 210, “A Fondo. Isidro Novo e as súas palabras con memoria”, “Un monumento á oralidade”, 10 xaneiro 2019, p. 8.

Co gallo do pasamento de Isidro Novo, escritor e directivo da AELG na sección de Literatura Oral, faise alusión á súa participación na Xornada de Literatura Oral de 2017 cunha intervención sobre o tema “Orfanato para ágrafas: Palabras ao ventimperio”.

_____, “Nas herbas, nas palabras, nas pedras...”, *Sermos Galiza*, n.º374, “*Especial. A tradición oral*”, n.º 233, 28 novembro 2019, p. 2.

Artigo sobre os proxectos que se veñen desenvolvendo para o fomento da conservación da literatura oral, amentando a creación no 2007 da Sección de Literatura de Tradición Oral no seo da AELG e, nese mesmo ano, o proxecto das Polafías. En 2008, iniciáronse as Xornadas de Literatura de Tradición Oral; no 2013, creáronse os premios Mestre e Mestra da Memoria; e, en 2011, os Obradoiros de Narración Oral.

S. V., “Os mozos da Xeración Z xa non teñen contacto co galego no seo da familia”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 22 xaneiro 2019, p. 12.

Informa sobre as medidas das que se informou na xornada de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra, entre as que se avanzou un proxecto de recuperación da regueifa en centros escolares.

Salgado, Daniel, “Para aprender a escoitar. Festival de contos Sete Falares”, *Sermos Galiza*, n.º 348, “*fóradeserie*”, 30 maio 2019, pp. 2-3.

Crónica na que recolle información sobre a oitava edición do festival Sete Falares, o Encontro Internacional dos Contadores de Historias, organizado por Pavís Pavós e que terá lugar entre o 6 e o 9 de xuño en Pontevedra.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, “A tradición oral como patrimonio”, *Sermos Galiza*, n.º374, “*Especial. A tradición oral*”, n.º 233, 28 novembro 2019, cuberta.

Artigo con motivo do doce aniversario que a Asociación de Escritores en Lingua Galega tomou achegándose ao patrimonio da tradición oral galega.

Torna, Cilia, “A Galiza ignorada. O Pardo de Cela vivo”, *Sermos Galiza*, n.º376, “*fóradeserie*”, 12 decembro 2019, pp. 2-3.

Artigo sobre as lendas e contos sobre Pardo de Cela, símbolo vivo da memoria popular, que se conserva en traballos de recolleita etnográfica realizados dende as décadas finais do século XIX. Sinala as achegas de Xosé Villamil e Castro, Manuel Leiras Pulpeiro,

Antón Vilar Ponte, Eduardo Lence Santar, Xosé Filgueira Valverde, Xosé María Álvarez Blázquez, Antonio Reigosa, Manuel Lourenzo, Xesús Pisón e Isaac Ferreira.